



FICHA DE TRABAJO	
MÓDULO	MICROBIOLOXÍA CLÍNICA
UNIDADE DIDÁCTICA	UD8
PRÁCTICA: 13	Observación microscópica de estruturas fúnxicas: técnica da cinta adhesiva

## PROTOCOLO NORMALIZADO DE TRABAJO

### OBXETIVOS

- Obxetivos xerais:
  - Familiarizarse coa morfoloxía macro e microscópica dos fungos filamentosos.
  - Identificar as partes vexetativas e as estruturas reprodutivas en fungos filamentosos.
  
- Obxetivos específicos:
  - Poñer en práctica a técnica da cinta adhesiva, para o estudo microscópico dos fungos filamentosos.
  - Describir a morfoloxía microscópica dos fungos presentes na mostra.
  - Realizar observación microscópica en fresco dos espécimes presentes na mostra.
  - Realizar observación microscópica dunha mostra tinguida con azul de lactofenol, dos espécimes presentes na mostra.
  - Comparar as estruturas observadas en fresco coas observadas tras a tinción.
  - Diferenciar entre estruturas vexetativas e estruturas reprodutivas.

### MATERIAIS

- Cultivo en agar Sabouraud cloranfenicol realizado na práctica anterior.
- Azul de lactofenol.
- Pinzas.
- Portaobxetos e cubreobxetos.
- Cinta adhesiva transparente.
- Chisqueiro de alcohol.

### MÉTODO

1. Limpar e desinfectar a zona de traballo. Colocar un papel de filtro e dispor todos os materiais necesarios para desenvolver o procedemento.
2. Corta un pedazo de cinta adhesiva transparente e suxeitaa cunhas pinzas estériles (pasadas pola lapa do chisqueiro).
3. Coloca un par de gotas de azul de lactofenol no portaobxetos.
4. Presiona lixeiramente a cinta adhesiva sobre o micelio aéreo da colonia de fungos.
5. Deposita a cinta coas estruturas fúnxicas adheridas sobre o azul de lactofenol. Podes colocar agora outra gota de azul de lactofenol sobre a cinta adhesiva e colocar un cubreobxetos, así conseguirás máis contraste.
6. Observa a mostra tinguida a microscopía óptica de campo claro a 40X.

## RESULTADOS

- Documenta con fotos os pasos realizados e os resultados obtidos.
- Describe o tipo de estruturas vexetativas observadas: tipo de hifas.
- Describe o tipo de estruturas reprodutivas observadas.

## CUESTIÓNS

1. Qué dificultade supón utilizar a técnica da cinta adhesiva, para intentar facer unha identificación presuntiva do fungo en base á observación microscópica?
2. En base ós resultados obtidos na observación microscópica e á morfoloxía macroscópica das colonias, qué xénero fúnxico dirías presuntivamente, que tes no teu cultivo?